

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 28 de outubro de 2015 pola que se resolve o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo procedente das fundacións para o desenvolvemento das comarcas que desenvolvían postos de xerente.

O pasado 5 de xaneiro de 2015 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 17 de decembro de 2014 pola que se inicia o procedemento de integración, como persoal laboral da Xunta de Galicia, do persoal laboral fixo procedente das fundacións para o desenvolvemento das comarcas que desenvolvían postos de xerente.

O 9 de abril de 2015 a Consellería do Medio Rural e do Mar, en virtude do establecido no artigo 3.2 da dita orde, remite á Dirección Xeral da Función Pública o expediente e a proposta de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal da extinta Fundación que exerceu a opción de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia.

A comisión de integración prevista no artigo 3.4 da orde remitiu á Dirección Xeral da Función Pública o seu informe o pasado 26 de outubro de 2015.

Así mesmo, á Dirección Xeral da Función Pública remitiu á Consellería de Facenda a proposta sobre as persoas interesadas que reúnen os requisitos para a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia e das persoas interesadas que non reúnen estes requisitos.

En consecuencia, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de acordo co disposto no artigo 10.3 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades integrantes do sector público autonómico que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e co disposto no artigo 3.5 da Orde do 17 de decembro de 2014 pola que se inicia o procedemento de integración, como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo procedente das fundacións para o desenvolvemento das comarcas que desenvolvían postos de xerente.

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto da presente orde é resolver o procedemento de integración do persoal laboral fixo procedente das fundacións para o desenvolvemento das comarcas que desenvolvían o posto de xerente.



Artigo 2. *Resolución*

1. Vista a proposta realizada pola Dirección Xeral da Función Pública

RESOLVO:

1. Acordar a súa integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia das persoas interesadas que se enumeran no anexo I da presente orde, co grupo e categoría profesional segundo o sistema de clasificación profesional establecido no V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e deberán ser adscritos con carácter provisional aos postos de traballo que lles serán notificados mediante resolución da Concellería do Medio Rural.

2. Acordar a non integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia das persoas interesadas indicadas no anexo II da presente orde.

3. A súa integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración xeral da Xunta de Galicia, e deberán tomar posesión no prazo de seis días hábiles desde a notificación da resolución de adxudicación de destino, agás que estean gozando dun período de licenza, vacacións ou permiso, neste caso, o cómputo comezará ao día seguinte da súa reincorporación ao posto de traballo. Os efectos económicos do cesamento serán do último día do mes en que se produza este, polo que, en consecuencia, os efectos económicos da toma de posesión do novo destino será o primeiro día do mes seguinte ao do cesamento.

Así mesmo, esta toma de posesión implica a súa renuncia voluntaria á situación anterior.

4. De acordo co previsto no artigo 12.5 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, realizaráselle un recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade para efectos de trienios, para adecuar a súa antigüidade en termos de homoxeneidade coa prevista no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

5. Ao persoal integrado aplicaráselle, para todos os efectos, o convenio colectivo único da Xunta de Galicia, sen que en ningún caso orixine dereito a ningunha indemnización.

6. Ao persoal que, como consecuencia da integración, experimente unha diminución en cómputo anual das retribucións fixas e periódicas, recoñeceráselle un complemento persoal de integración, de carácter transitorio, consistente na diferenza de retribucións, nos termos do establecido na disposición transitoria primeira do Decreto 129/2012, do 31 de



maio, de xeito, que a equiparación total se producirá no prazo máximo de seis anos desde a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia.

7. Procederá a extensión da correspondente dilixencia de integración por parte da consellería en que sexa destinado o persoal integrado.

Artigo 3. *Recursos*

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, pode interporse recursos contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e poderase interpor previamente e con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a presente orde, no prazo dun mes, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira única

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2015

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

ANEXO I

Proposta de integración respecto das solicitudes presentadas que cumpren todos os requisitos exixidos pola normativa vixente nesta materia para a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia:

Apelidos e nome	DNI	Fundación comarcal	Grupo e categoría profesional de integración
Andrade García, M. Gaspar	76710362-A	Arzúa	I-04 (titulado superior)
Callón Cameán, Juan Luis	52433045-Z	Ordes	I-04 (titulado superior)
Cambón Porteiro, Carlos	3426200-Y	Bergantiños	I-04 (titulado superior)
Carballo Blanco, Josefina	35457981-P	Terra de Caldelas	I-04 (titulada superior)
Enríquez López, Juan Carlos	3327055-S	O Morrazo	I-04 (titulado superior)



Apelidos e nome	DNI	Fundación comarcal	Grupo e categoría profesional de integración
Fernández-Barja Martínez, Xosé Carlos	34256812-Z	Noia	I-04 (titulado superior)
Ferro Prieto, José Manuel	76558308-W	Deza	I-04 (titulado superior)
Gaiteiro Barreiro, M ^a Jesús	33308500-S	Taboas-Terra de Montes	I-04 (titulada superior)
Gómez González, José Juan	34936954-T	A Ulloa	I-04 (titulado superior)
González Álvarez, Isabel	33991954-R	Terra de Lemos	I-04 (titulada superior)
González Loredo, M ^a Azucena	34596229-C	A Mariña Oriental	I-04 (titulada superior)
González Solla, Salvador	34930575-S	A Paradanta	II-07 (titulado medio)
Hermida Torres, Elsa	34262563-S	Chantada	I-04 (titulada superior)
Lois Ferradás, José	52453986-W	O Carballiño	I-04 (titulado superior)
López Loureiro, Ana	76414427-D	Eume	I-04 (titulada superior)
Lorenzo Fernández, Manuel	30583799-D	Valdeorras	I-04 (titulado superior)
Monteagudo Romero, M ^a Inés	77593208-V	Muros	I-04 (titulada superior)
Paz Fuentes, Mario	36053986-Z	A Mariña Occidental	I-04 (titulado superior)
Pérez Novo, Francisco Javier	35309126-D	A Fonsagrada	I-04 (titulado superior)
Pérez-Abadín Barro, José S.	35308605-V	Ortegal	I-04 (titulado superior)
Puga Barreiros, Milagros	33857612-W	Terra de Celanova	I-04 (titulada superior)
Romero Pérez, Javier	32746762-Y	Caldas	I-04 (titulado superior)
Soliño Bermúdez, Manuel	10063790-W	O Salnés	I-04 (titulado superior)
Somoza Torres, M ^a Carmen	36101417-L	Baixo Miño	I-04 (titulada superior)
Valín Valdés, Manuel Alfonso	33309999-L	A Mariña Central	I-04 (titulado superior)
Vázquez Fernández, Sonia	34966103-P	Os Ancares	I-04 (titulada superior)
Vázquez Rodríguez, Sonia	35551496-M	O Ribeiro	I-04 (titulada superior)
Vicente Davila, Fernando	33319780-W	Santiago	I-04 (titulado superior)
Vilariño Pardo, Ana María	34973834-B	Verín	II-07 (titulada media)

ANEXO II

Solicitudes presentadas que non cumpren os requisitos para a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia:

Apelidos e nome	DNI	Fundación	Causa de denegación
Fernández García, José Ángel	33294235-X	Terra Chá	Non cumpre o requisito do artigo 1.3.e) da Orde do 17 de decembro
Cid Borrajo, José Vicente	76363284-H	Terra de Trives	Non cumpre o requisito do artigo 1.3.e) da Orde do 17 de decembro

